

PROXECTO LINGÜÍSTICO

2022-2026




XUNTA
DE GALICIA

COLEXIO EDUCACIÓN
INFANTIL E PRIMARIA
DE ESTEIRO



A lingua como identidade cultural



CONTIDOS

Proxecto Lingüístico

1. INTRODUCCIÓN

2. XUSTIFICACIÓN LEGAL [PAX.4]

3. DETERMINACIÓN DA SITUACIÓN SOCIOLINGÜÍSTICA DO CENTRO ([PAX.7]

4. OBXECTIVOS [PAX.10]

5. MEDIDAS ACADÉMICAS [PAX.11]

4.1. Materias do currículo e lingua na que se imparten

4.2. Criterios de formación do EDLG

4.3. Estratexias didácticas relacionadas co uso das linguas

4.4. Medidas de apoio e reforzo

6. ACTIVIDADES DE DINAMIZACIÓN LINGÜÍSTICA DO CENTRO [PAX.18]

ESTE PROXECTO LINGÜÍSTICO FOI APROBADO POLO CONSELLO
ESCOLAR EN

FERROL, A 27 DE SETEMBRO DE 2022

1. INTRODUCCIÓN

A lingua considérase patrimonio cultural dun pobo e obxecto de respecto e protección, constitúe un elemento básico de identidade cultural e representa un valor fundamental de cohesión nunha determinada comunidade.

O **decreto 79/2010 de 20 de maio (DOG do 25 de maio)** dedica o seu artigo 14 ao denominado Proxecto Lingüístico do centro (PLC) establecendo os seguintes puntos:

1. Cada centro, dentro do seu Proxecto Educativo, elaborará o seu Proxecto Lingüístico cada catro cursos escolares no cal se fará constar:
 - A decisión do centro educativo respecto da lingua en que se impartirán as materias.
 - As medidas adoptadas para que o alumnado que non teña o suficiente dominio das linguas poida seguir con aproveitamento as ensinanzas que se lle imparten.
 - Os obxectivos xerais e as liñas de actuación deseñadas polo centro para o fomento da lingua galega.
2. O Proxecto Lingüístico formará parte do Proxecto Educativo do Centro. Será redactado por unha comisión do profesorado do centro, designada polo Equipo Directivo, oída a Comisión de Coordinación Pedagóxica. Formarán parte dela, como mínimo, os xefes/as dos departamentos de linguas e o coordinador/a do equipo de dinamización da lingua galega. Será avaliado polo Consello Escolar do centro educativo.
3. Este proxecto remitiráselles cada catro curso escolares aos servizos de inspección educativa, que velarán para que o seu contido se axuste a este decreto.
4. Anualmente, elaborárase unha **addenda do proxecto lingüístico** na cal conste:
 - Nos centros que imparten Educación Infantil, os resultados da pregunta aos pais, nais, titores/as ou representantes legais do alumnado para obter información respecto da lingua materna predominante entre o alumnado, e as actividades e estratexias de aprendizaxe para que o alumnado adquira, de forma oral e escrita, o coñecemento das linguas oficiais.
 - En todos os centros en que haxa una modificación na impartición de materias en lingua(s) estranxeira(s), información sobre os cambios aprobados polo centro e autorizados pola Consellería de Educación.
 - Información e valoración dos programas e actividades para o fomento e dinamización da lingua galega realizados polo centro educativo no curso anterior e información do que se vai desenvolver no curso seguinte.
5. Sen prexuízo do previsto no epígrafe 4, a Administración Educativa avaliará os proxectos lingüísticos dos centros e fará o seguimento dos resultados que se desprendan da súa aplicación coas finalidade de adoptar, se é o caso, as medidas necesarias para garantir que o alumnado adquira de forma oral e escrita a competencia lingüística propia de cada nivel e etapa nas dúas linguas oficiais de Galicia, como establece o artigo 14.3º da Lei 3/1983, do 15 de xuño, de Normalización Lingüística.

2. XUSTIFICACIÓN LEGAL

O presente documento baséase na normativa vixente, tendo como principais referentes legais os que seguen:

- [Lei 3/1983, do 15 de xuño de Normalización Lingüística.](#)
- Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia.
- Instrucción para a aplicación do Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia, tras os pronunciamientos das sentenzas do Tribunal de Xustiza de Galicia.
- Orde do 10 de febrero de 2014 pola que se desenvolve o Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia, con relación á exención da materia de le lingua galega.
- Orde do 12 de maio de 2011 pola que se regulan os centros plurilingües na Comunidade Autónoma de Galicia e se establece o procedemento de incorporación de novos centros á Rede de Centros Plurilingües de Galicia.
- Decreto 150/2022, do 8 de setembro, polo que se establece a ordenación e o currículo da educación infantil na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Proxecto de decreto 155/2022 do 15 de setembro, polo que se establece a ordenación e o currículo de educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia

3. DETERMINACIÓN DA SITUACIÓN SOCIOLINGÜÍSTICA DO CENTRO (Enquisa ás familias).

O centro realizou unha enquisa entre os distintos sectores para determinat a situación lingüística da comunidade.

CONTEXTO SOCIOLINGÜÍSTICO DO CENTRO	
Lingua habitual dos fogares	Galego 8% - Castelán 68% - Ambas 23% - Outras 2%
Lingua habitual nas interaccións comunitarias	Galego 2% - Castelán 71% - Ambas 26% - Outras 1%
Lingua empregada polo Concello na comunicación cos administrados	Galego
Lingua empregada polas entidades asociativas do contorno	Predomina o castelán

SITUACIÓN DO PROFESORADO	
Lingua habitual do profesorado	Galego 6% - Castelán 65% - Ambas 29% - Outras 0%
Capacidade do profesorado para empregar o galego na actividade docente	3,76 sobre 5
Disposición do profesorado para facer cursos de reciclaxe e actualización	3,94 sobre 5
Actitude do profesorado cara a utilización do galego no ámbito educativo	4,53 sobre 5
Actitude do profesorado cara a normalización social do galego	4,29 sobre 5

SITUACIÓN DO ALUMNADO	
Lingua habitual do alumnado	Galego 6% - Castelán 65% - Ambas 29% - Outras 0%
Lingua habitual da súa familia	Galego 12% - Castelán 88%
Lingua usada polo alumnado no ámbito escolar	Galego 6% - Castelán 93% - Ambas 0% - Outras 1%
Competencia comunicativa en galego que traen da etapa anterior	1,82 sobre 5
Actitude do alumnado cara a utilización do galego no ámbito educativo	2,82 sobre 5
Actitude do alumnado cara a normalización social do galego	2,59 sobre 5

AMBIENTALIDADE LINGÜÍSTICA	
Presenza da lingua galega na documentación administrativa, no rotulado do centro, nas notas informativas.	Plena
Emprego da lingua galega nas interaccións co alumnado, coas familias e con outras Institucións	Moderado
Emprego da lingua galega nas interaccións co alumnado en contextos informais	Moderado
Emprego da lingua galega por parte do persoal non docente do centro.	Moderado
Emprego da lingua galega por parte da ANPA.	Moderado
Emprego da lingua galega na realización das actividades extraescolares.	Escaso
Dotación de fondos en galego na biblioteca	Aceptable
Presenza da lingua galega na utilización das tic	Moderada
Visibilidade das accións do EDLG	Plena

4. OBXECTIVOS DE ETAPA E CICLO

O decreto 150/2022, do 8 de setembro, polo que se establece a ordenación e o currículo da educación infantil na Comunidade Autónoma de Galicia establece o seguinte:

Obxectivos de etapa (relacionados co proxecto lingüístico)

- d) Desenvolver as súas capacidades emocionais e afectivas.
- e) Relacionarse coas demais persoas en igualdade e adquirir progresivamente pautas elementais de convivencia e relación social, así como exercitarse no uso da empatía e a resolución pacífica de conflitos, evitando calquera tipo de violencia.
- f) Desenvolver habilidades comunicativas en diferentes linguaxes e formas de expresión.
- g) Iniciarse nas habilidades lóxico-matemáticas, na lectura e a escritura, e no movemento, o xesto e o ritmo.
- i) Coñecer e valorar as singularidades culturais, lingüísticas, físicas e sociais de Galicia, poñendo de relevancia as mulleres e homes que realizaron achegas importantes á cultura e á sociedade galegas.

Obxectivos de ciclo

Area Comunicación e representación da realidade

OBX1. Manifestar interese por interactuar en situacións cotiás a través da exploración e do uso do seu repertorio comunicativo para expresar as súas necesidades e intencións e para responder ás esixencias da contorna.

OBX2. Interpretar e comprender mensaxes e representacións apoiándose en coñecementos e recursos da súa propia experiencia para responder ás demandas da contorna e construír novas aprendizaxes.

OBX3. Producir mensaxes de maneira eficaz, persoal e creativa utilizando diferentes linguaxes, descubriendo os códigos de cada unha delas e explorando as súas posibilidades expresivas para responder a diferentes necesidades comunicativas.

OBX4. Participar por iniciativa propia en actividades relacionadas con textos escritos, mostrando interese e curiosidade por comprender a súa funcionalidade e algunhas das súas características.

OBX5. Valorar a diversidade lingüística e dialectal presente na súa contorna, así como outras manifestacións culturais, para enriquecer as súas estratexias comunicativas e a súa bagaxe cultural.

Competencias clave

Anexo I

“A etapa de educación infantil supón o inicio do proceso de desenvolvemento das habilidades e destrezas necesarias para a adquisición das competencias clave para a aprendizaxe permanente que aparecen recollidas na Recomendación do Consello da Unión Europea do 22 de maio de 2018”.

CCL-Competencia en comunicación lingüística.**CP-Competencia plurilingüe.**

STEM-Competencia matemática e competencia en ciencia, tecnoloxía e enxeñería.

CD-Competencia dixital.

CPSAA-Competencia persoal, social e de aprender a aprender.

CC-Competencia cidadá.

CE-Competencia emprendedora.

CCEC-Competencia en conciencia e expresión culturais.

De acordo co expresado na recomendación do Consello da Unión Europea, non existe xerarquía entre as distintas competencias, xa que se consideran todas igualmente importantes. Tampouco se establecen entre elas límites diferenciados, senón que se solapan e entrelazan. Teñen, polo tanto, carácter transversal –é dicir, ningunha se corresponde directa e univocamente cunha única área– e todas se adquiren e desenvolven a partir das aprendizaxes que se producen nas distintas áreas. Este carácter transversal das competencias favorece o enfoque globalizado propio da etapa de educación infantil.

Educación Primaria

O Proxecto do decreto XX/2022 do 15 de setembro, polo que se establece a ordenación e o currículo de educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia establece:

Obxectivos de etapa

- a) Coñecer e apreciar os valores e as normas de convivencia, aprender a obrar de acordo con elas de forma empática, prepararse para o exercicio activo da cidadanía e respectar os dereitos humanos, así como o pluralismo propio dunha sociedade democrática.
- c) Adquirir habilidades para a resolución pacífica de conflitos e a prevención da violencia, que lles permitan desenvolverse con autonomía no ámbito escolar e familiar, así como nos grupos sociais cos que se relaciona.
- e) Coñecer e utilizar de maneira apropiada a lingua galega e a lingua castelá e desenvolver hábitos de lectura.
- f) Adquirir en ,polo menos, unha lingua estranxeira a competencia comunicativa básica que lles permita expresar e comprender mensaxes sinxelas e desenvolverse en situacións cotiás.
- ñ) Coñecer , apreciar e valorar as singularidades culturais, lingüísticas, físicas e sociais de Galicia, poñendo de relevancia as mulleres e homes que realizaron achegas importantes á cultura e á sociedade galegas.

Competencias clave

Artigo 8

As competencias clave de etapa son:

CCL-Competencia en comunicación lingüística.

CP-Competencia plurilingüe.

STEM-Competencia matemática e competencia en ciencia, tecnoloxía e enxeñería.

CD-Competencia dixital.

CPSAA-Competencia persoal, social e de aprender a aprender.

CC-Competencia cidadá.

CE-Competencia emprendedora.

CCEC-Competencia en conciencia e expresión culturais.

...a adquisición de cada unha das competencias contribúe á adquisición de todas as demais, non hai xerarquía entre elas....pola súa vez, se adquiren e desenvolven a partir das aprendizaxes que se producen no seu conxunto.

5. MEDIDAS ACADÉMICAS

1. RESULTADO DA PREGUNTA INFORMATIVA REALIZADA ÁS FAMILIAS DO ALUMNADO DE 3 ANOS SOBRE A LINGUA MATERNA

Lingua Castelá: 23

Lingua Galega: 2

*Elabórase o documento referente tendo en conta as sentenzas da Sala do Contencioso Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia do 21 de novembro de 2012 (PO 447/10, 5888/10 e 595/10) e do 28 de novembro de 2012 (PO 569/10, 589/10 e 591/10) que anularon o punto 2 do artigo 5 e o punto 3 do artigo 12 do Decreto 79/2010 para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia.



2. REPARTO POR ÁREAS DAS LINGUAS EN EDUCACIÓN INFANTIL

4º, 5º, 6º de EDUCACIÓN INFANTIL

Área de Comunicación e Representación da Realidade (100% en Lingua Castelá)

Área de Crecemento en Harmonía (50% en Lingua Galega e 50% en Lingua Castelá)

Área de Descubrimento e Exploración da Contorna (100% en Lingua Galega)

3. REPARTO POR ÁREAS DAS LINGUAS EN EDUCACIÓN PRIMARIA

	LINGUA GALEGA		LINGUA CASTELÁ		LINGUA INGLESA		RELIXIÓN AT EDUC RELIXIÓN PROXECTO COMPETENCIAL		CIENCIAS SOCIAIS		CIENCIAS NATURAIS		EDUC FÍSICA		MATEMÁTICAS		EDUC MUSICAL MÚSICA E DANZA		EDUC PLÁSTICA EDUC PLÁSTICA E VISUAL		LIBRE CONFIG EDUCACIÓN E VALORES CÍVICOS E ÉTICOS		TOTAL GALEGO		TOTAL CASTELÁN											
	LOMCE	LOMLOE	LOMCE	LOMLOE	LOMCE	LOMLOE	LOMCE	LOMLOE	LOMCE	LOMLOE	LOMCE	LOMLOE	LOMCE	LOMLOE	LOMCE	LOMLOE	LOMCE	LOMLOE	LOMCE	LOMLOE	LOMCE	LOMLOE	LOMCE	LOMLOE	LOMCE	LOMLOE										
EP1	4		4	4		4	2		2	1		1	3		2	2		3	2		2	5		5	1		1	1		1			12		11	
EP2	4		4	4		4	2		2	2		1	2		3	2		2	2		2	5		5	1		1	1		1			11		12	
EP3	4		4	4		4	3		3	1		1	3		2	2		3	2		2	4		4	1		1	1		1			12		10	
EP4	4		4	4		4	3		3	1		1	2		3	2		2	2		2	4		4	1		1	1		1	1		11			11
EP5	4		4	4		4	3		3	1		1	2		2	2		3	2		2	5		4	1		1	1		1			12		10	
EP6	3		4	3		4	3		3	1		1	3		2	2		2	2		2	5		4	1		1	1		1	1		12		10	

5.2. EDLC Os criterios establecidos á hora de conformar o Equipo de Dinamización da Lingua Galega son:

- Representación de tódadas etapas e ciclos.
- O/a coordinador/a será elixido polo Equipo Directivo entre o persoal definitivo.
- Continuidade nos membros constituíntes.

5.3. Estratexias didácticas **Educación Infantil**

- É importante ofrecerlles ás nenas e aos nenos situacións de aprendizaxe nas que poidan facer propostas, tomar decisións, organizar e anticipar as súas accións. Para iso pódense empregar diversas estratexias e recursos: a través de preguntas, follas de planificación, cos seus propios debuxos, opinións e propostas nos tempos de faladoiro, e mesmo a caixa de suxestións.
- A organización de proxectos, consensados, negociados e levados a cabo colectivamente polo grupo; a realización de asembleas para comentar acontecementos ou discutir e decidir determinados aspectos da actividade diaria, constitúen valiosas estratexias que a persoa docente utilizará porque son altamente motivadoras e favorecen o desenvolvemento das relacións interpersoais, o establecemento de vínculos afectivos, así como que a nena e o neno se sintan membros do grupo e participen activamente nel.
- A formulación de preguntas abertas por parte da mestra ou mestre acerca de determinados feitos ou situacións, a parte de estimular a linguaxe infantil, contribúe eficazmente a ensinarlles ás nenas e aos nenos a facerse interrogantes pertinentes e a buscar respostas axeitadas. Promovendo o diálogo e o intercambio de opinións sobre calquera tema que se estea investigando na aula.
- É imprescindible destacar a importancia do xogo como actividade propia desta etapa, xa que o alumnado, mentres xoga, manipula obxectos nun espazo e nun tempo, crea e transforma -formas, tamaños, espazos, volumes-, establece relacións, diseña situacións, e inviste a acción coa súa emocionalidade e simbolismo; manifesta a través desta actividade lúdica as súas vivencias e experiencias e vai afondando en novos niveis de relación e de interacción.
- A afectividade debe ser o fío condutor de toda situación de ensino-aprendizaxe. As nenas e os nenos deben sentirse seguros e construír coñecemento a partir da formación dunha autoimaxe positiva.

Educación Primaria

- Estratexias activas que potencien as aprendizaxes significativas.
- Atender á diversidade de alumnos e alumnas na práctica docente.
- Potenciar as aprendizaxes cun forte sentido interactivo e cooperativo.
- Usar métodos que permitan sentir ao alumnado a necesidade da información, da súa localización, selección e uso ético.
- Usar enfoques que permitan o uso autónomo das TIC e dos recursos da biblioteca como recurso de aprendizaxe.
- Favorecer o rol do profesorado como mediador na construción autónoma de aprendizaxes (contextos cotiás, contornos seguros e motivadores...).
- Uso da avaliación formativa.

O Equipo Directivo

- O Equipo directivo fará fincapé para que a comunidade escolar coñeza con rapidez a diversa información que, relativa á lingua galega, é publicada a cotío por medios de comunicación e organismos oficiais.
- O Equipo directivo estimulará a realización de cursos/xornadas/seminarios... do profesorado que incidan na súa competencia lingüística e na súa competencia pedagóxica sobre contidos que supoñan o aumento do emprego da lingua galega no ensino diario.
- Promover plans de lectura ao través da implementación do Plan Lector e, na actualidade, do Plan de Mellora de Biblioteca (Plambe).
- Promover a rotulación das diversas dependencias e o ornato dos corredores e aulas preferentemente en lingua galega acorde ao Manual de Identidade Corporativa.
- O equipo directivo promoverá a realización de Proxectos Documentais Integrados (PDI) a nivel de centro. Estes proxectos deberán ser coordinados mediante o equipo de Biblioteca que se coordinará con EDLG. Para levalos a fin escolleríase unha temática común da que partiríamos para traballar todas as áreas e a competencia lingüística.

Actos públicos e relacións con outras institucións

- Favorecer o uso da lingua galega en canto acto público celebre o colexio.
- Compromiso do centro en canto á participación en actos externos á institución de posta en valor da lingua galega.
- O centro colaborará coas institucións que promovan o uso da lingua galega no contorno.

No campo das TIC

- Dado o uso cada día máis considerable das ferramentas informáticas, dotarase a todos os puntos terminais de programas en lingua galega (tradutores, procesadores de texto, navegadores...); en igualdade, preferirase o implementado en galego.
- Promocionar a través dos medios informáticos os recursos didácticos referentes á lingua galega e presentes na rede.
- Promover a presenza do colexio na rede (páxina web, blogs...) en lingua galega.
- Emprego das novas tecnoloxías e robótica con aplicaciónes e exercicios orientados a mellorar a competencia lingüística
- Elaboración de material didáctico nas distintas linguas de uso no Centro: Kahoots, Canva etc.
- Uso de Radio escolar como ferramenta fundamental para traballar a competencia lingüística a todos os niveis. Será empregada por todos os cursos do centro e con ela realízanse diferentes tipos de actividades , podendo ser unha ferramenta de unión entre as materias e os diversos idiomas do centro

Con referencia ao proceso de integración de nenos/as que descoñezan a lingua galega

- O centro, na medida que permita a súa dotación de profesorado, promoverá a mellor integración na lingua galega daqueles nenos e nenas chegados de fóra de Galicia, procurando horario de apoio para a súa rápida inmersión no idioma.
- O centro promoverá a creación dun voluntariado formado por alumnos e alumnas que titorice aos nenos e nenas que se incorporen ao colexio desde lugares lonxanos a Galicia.

Con referencia ao proceso de aprendizaxe da segunda lingua (non predominante) para nenos/as de Educación Infantil

- Aproveitar o uso da assemblea para desenvolver o coñecemento da lingua galega ou da castelá segundo a lingua materna proporcionada na consulta informativa do momento da matrícula.
- Utilización do profesorado de apoio para a consecución deste obxectivo.
- Proxectar as tarefas de nivelación idiomática a partir de procesos globalizadores con especial fincapé no seguinte: ordes e rutinas cotiás, vocabulario por centros de interese, prioridade para un enfoque comunicativo que poña de manifesto intereses e necesidades do alumnado, inmerso na actividade lúdica, con adecuación aos diferentes ritmos dos nenos/as. Que discurra con estratexias baseadas nos contos, cancións, adiviñas...
- Apoio específico con materiais e recursos TIC.

Con referencia ao EDLG

- Apoiar decididamente (equipo directivo e demais profesorado) as accións levadas a cabo polo EDLG.
- O centro prestará asesoramento en canto documento oficial elabore a comunidade escolar. A tal fin, o EDLG promoverá a un dos seus membros para desenvolver dito traballo.

Con referencia á avaliación

- O Centro promoverá a avaliación da materia de lingua galega e a competencia en comunicación lingüística dun xeito continuo, global e formativo.
- Cada titor ou titora, co apoio do departamento de orientación, tan pronto detecte dificultades de aprendizaxe da lingua galega adoptará medidas de reforzo educativo que corrixan dita situación.

Con referencia ao profesorado

- Potenciar o uso do galego como lingua de relación do profesorado entre si e co alumnado.
- Favorecer a produción de documentos colectivos (revistas, boletíns...) en lingua galega.
- Compromiso do profesorado por velar pola súa propia corrección lingüística nos usos orais e máis escritos.
- Velar pola dignificación da lingua galega promovendo a eliminación de tabús e prexuízos e favorecendo o seu uso ao través do seu propio modelo persoal.
- Esixencia ao alumnado de que fale en lingua galega en todas as clases que se imparten nela.

Con referencia ao xogo popular

- Favorecer a participación e o desenvolvemento nas manifestacións culturais que de xeito tradicional se desempeñan na lingua galega, con énfase especial nas relacionadas co xogo popular por ser o noso colexio sede dun museo desta área da cultura.
- Continuar promovendo a recompilación de xogos e xoguetes populares de orixe galega do Museo Do Xogo Popular do Colexio.

Con referencia ás familias

- Realizar todas as comunicacións por escrito coas familias en lingua galega.
- Ir incrementando paulatinamente nas comunicacións presenciais o uso da lingua galega.
- Favorecer o uso da lingua galega nas actividades extraescolares.
- Informar puntualmente ás familias do proxecto lingüístico do colexio.

Con referencia ao orzamento

- Compromiso de compra ao través dos orzamentos anuais de materiais didácticos en calquera formato para favorecer o ensino das áreas vehiculadas en lingua galega segundo foron consensuadas neste mesmo Proxecto.

6. ACTIVIDADES DE DINAMIZACIÓN LINGÜÍSTICA DO CENTRO

Obxectivo Xeral

Incrementar o uso oral e escrito da lingua galega por parte de toda a comunidade escolar.
 Uso das linguas faladas no centro en distintos niveis de competencia.

Contexto

Todas as accións están incluídas na Programación Xeral Anual - PXA e no PROXECTO DE FOMENTO DA LINGUA GALEGA - PFULG

Acción	Responsable	Destinatario
Páxina Web	Equipo Directivo TIC EDLG	Comunidade escolar
Blgues escolares	TIC Biblioteca EDLG Titorías de infantil	Familias Alumnado
Festas tradicionais	Todo o profesorado EDLG	Comunidade escolar
Conmemoraións	Todo o profesorado EDLG	Comunidade escolar
Exposicións	Todo o profesorado EDLG	Comunidade escolar
Axenda escolar	EDLG Equipo Directivo	Alumnado Profesorado Equipo Directivo
Calendario de aula	EDLG Titorías	Alumnado
Calendario para a comunidade	EDLG Titorías	Comunidade escolar
Revista Remuíños	EDLG Equipo Directivo Profesorado Alumnado	Comunidade escolar

Acción	Responsable	Destinatario
Xogos populares e Museo do Xogo Popular	EDLG Equipo Directivo Equipo de Biblioteca Profesorado	Comunidade Escolar
Teatro	EDLG Profesorado	Comunidade Escolar
Contacontos	EDLG Equipo de Biblioteca	Comunidade Escolar
Cine	EDLG Equipo Directivo Equipo de Biblioteca ANPA	Comunidade Escolar
Correlingua	EDLG Equipo Directivo Titorías implicadas	Alumnado

Participantes

As persoas que forman parte da Comunidade Escolar do CEIP de Esteiro: profesorado, alumnado, familias, ANPA, persoal non docente. Concello de Ferrol, Mesa pola Normalización Lingüística e outras organizacións, segundo o caso.

Temporalización

Segundo a actividade. Todas ao longo do curso escolar e segundo a programación do Proxecto de Fomento de uso da Lingua Galega.

Impacto

Moi importante. En toda a Comunidade Escolar



CEIP de ESTEIRO